

II. AUTORIDADES E PERSOAL**B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 22 de xuño de 2026 pola que se nomean os membros do Órgano de Xestión, Seguimento e Control da Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos.

O Decreto 87/2007, do 12 de abril (DOG núm. 88, do 8 de maio, modificado polo Decreto 241/2008, do 2 de outubro; DOG núm. 210, do 29 de outubro), crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos. No seu artigo 9, e co fin de constatar a evolución da reserva mariña e de asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no decreto, créase o órgano de xestión, seguimento e control, que estará constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca.

Destes oito membros, tres serán nomeados en representación da consellería competente en materia de pesca, un en representación da consellería competente en materia de ambiente e catro en representación das entidades do sector pesqueiro. Así mesmo, a consellería competente en materia de pesca designará o presidente e o secretario do órgano de xestión, seguimento e control, entre os representantes da Administración.

Dado que, por distintos motivos, se produciron vacantes no Órgano de Xestión, Seguimento e Control da Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos, cómpre nomear os novos vogais e suplentes, así como designar de entre os representantes da Consellería do Mar nomeados a Presidencia e a Secretaría do órgano.

Polo ata agora exposto,

RESOLVO:

Nomear membros do Órgano de Xestión, Seguimento e Control da Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos as persoas que se relacionan a seguir:

	Titular	Suplente
Presidente (Consellería do Mar)		José Emilio Oti Cabanelas
Vogal-secretario/a (Consellería do Mar)	Miguel Salvande Fraga	



Polo tanto, a composición do Órgano de Xestión, Seguimento e Control da Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos queda como se relaciona a seguir:

	Titular	Suplente
Presidente (Consellería do Mar)	Pedro Riveiro Domínguez	José Emilio Oti Cabanelas
Vogal-secretario/a (Consellería do Mar)	Miguel Salvande Fraga	Beatriz Asorey Torres
Vogal (Consellería do Mar)	Diana Fernández Márquez	Ramón D. Fernández Conchas
Vogal (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático)	Susana Cuesta Fariña	Elisa Gago Moldes
Vogal (Confraría de Pescadores de Lira)	José Mariano Lago Louro	José Ramón Sendón Cambeiro
Vogal (Confraría de Pescadores de Lira)	Andrés Domínguez Beiro	Juan Antonio Caamaño Blanco
Vogal (Federación Galega de Confrarías)	Manuel Daniel Formoso Moledo	José Antonio Siaba Gallego
Vogal (Federación Galega de Confrarías)	Primitivo José Pedrosa González	Albino Rebolledo Núñez

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2026

Marta Villaverde Acuña
Conselleira do Mar

CVE-DOG: 6wce7lw8-nmv3-5kh1-6om7-zq5btuen6j1

